

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 3 DE AGOSTO DE 2012.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **ONCE HORAS E VINTECINCO MINUTOS** do día **TRES DE AGOSTO DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia da Alcaldesa **DONA PAULA FERNÁNDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos concelleiros **D. MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, **D. ANTONIO COUSO ÁLVAREZ**, e **D. MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e do Secretario en funcións da Corporación **DON JULIO MÉNDEZ CASTRO**.

A Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1ª.- SUBVENCÍONS.

2ª.- ESCRITOS E COMUNICACÍONS.

3ª.- URBANISMO.

4ª.- CONTRATACIÓN SEGURO COLECTIVO PARA FLOTAS.

5ª.- APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E CONDICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO, POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO.

6ª.- APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SE PUBLICIDADE DA SUBMINISTRACIÓN DE UN VEHÍCULO FURGONETA CON CAIXA ABERTA BASCULANTE.

1ª.- SUBVENCÍONS.-

1.1.- Dase conta por parte da Alcaldesa que, no Diario Oficial de Galicia número 128 de data 5 de xullo de 2012, publícase a Resolución do 4 de xullo de 2012, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regula a concesión de subvencións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo dirixidas a concellos, a mancomunidades de concellos e a consorcios locais para a realización de proxectos destinados ao asesoramento e á formación da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012.

Á vista de esta publicación, a Xunta de Goberno Local, RESOLVE:



Solicitar unha subvención á Secretaría Xeral da Emigración, para a realización dos seguintes proxectos destinados á formación da poboación inmigrante extracomunitaria durante o ano 2012:

1. Proxecto de reforzo educativo: proxecto de apoio e compensación educativa.
Contía solicitada: 3.500,00 euros (80% de un ornameto total de 4375,00 €).
2. Proxecto de formación de adultos: aprendizaxe da lingua e cultura española.
Contía solicitada: 3.500 euros (80% de un ornameto total de 4375,00 €).

2ª.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2.1.- A Sra. Alcaldesa dá conta do informe previo á aprobación inicial –artigo 85.1 la Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia- relativo ao Plan Xeral de Ordenación Municipal, emitido o 30 de xullo de 2012, pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, en virtude da delegación de competencias efectuada pola Orde do 9 de xullo de 2009, modificada pola Orde do 15 de marzo de 2012, remitido ao Concello pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Secretaría Xeral do Territorio e Urbanismo.

A Xunta de Goberno queda enterada de esta notificación.


3ª.- URBANISMO.-

3.1.- Examinado o expediente promovido por D. ANTOLÍN CONDE CASTRO, data de rexistro 19.04.2012, nº de rexistro 2155 solicitando "INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE FORA DE ORDENACIÓN (D. T. 3ª LEI 2/2010) DE VIVENDA", co emprazamento: Ctra. de Siador, nº 6 – Silleda (ref. Catastral 36052A042002430000KQ), segundo memoria redactada polo Arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro.

Á vista do informe técnico emitido polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, de data 2 de agosto de 2012, e a demais documentación obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

A Inscripción no Rexistro de Fora de Ordenación solicitada por D. ANTOLÍN CONDE CASTRO.

3.2.- Examinado o expediente promovido por Dña. ELVIRA SÁNCHEZ GÓMEZ, data de rexistro 13.04.2012, nº de rexistro 2003 solicitando "INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE FORA DE ORDENACIÓN (D. T. 3ª LEI 2/2010) DE EDIFICACIÓN ADICADA A VIVENDA MAIS ANEXO", co emprazamento: Casas do Monte, nº 6 – Silleda (ref. Catastral 36052G5130454420000RQ), segundo memoria redactada polo Arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro.



Á vista do informe técnico emitido polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, de data 2 de agosto de 2012, e a demais documentación obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

A Inscripción no Rexistro de Fora de Ordenación solicitada por Dna. ELVIRA SÁNCHEZ GÓMEZ.

3.3.- Examinado o expediente promovido por D. JOSÉ IGLESIAS ANDRADE, data de rexistro 08.02.2012, nº de rexistro 0578 solicitando "INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE FORA DE ORDENACIÓN (D. T. 3ª LEI 2/2010) DE EDIFICACIÓN CON USO TALLER MECÁNICO", co emprazamento: Recta de Rellas, N-640, parroquia de Rellas – Silleda (ref. Catastral 36052A025003460000KT), segundo memoria redactada polo Arquitecto Óscar Botana Pérez.

Á vista do informe técnico emitido polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, de data 1 de agosto de 2012, e a demais documentación obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

A Inscripción no Rexistro de Fora de Ordenación solicitada por D. JOSÉ IGLESIAS ANDRADE.

3.4.- Examinado o expediente promovido por D. MANUEL JOSÉ GONZÁLEZ PENA, data de rexistro 04.04.2012, nº de rexistro 1.760 solicitando "INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE FORA DE ORDENACIÓN (D. T. 3ª LEI 2/2010) DE EDIFICACIÓN ADICADA A LAVANDERÍA, TINTURERÍA E ALMACÉN", co emprazamento: Riocalvo, s/n - Negreiros – Silleda (ref. Catastral 36052H505002720000ZD), segundo memoria redactada polo Arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro.

Á vista do informe técnico emitido polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, de data 27 de xullo de 2012, e a demais documentación obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

A Inscripción no Rexistro de Fora de Ordenación solicitada por D. MANUEL JOSÉ GONZÁLEZ PENA.

3.5.- Examinado o expediente promovido por D. MARCELINO MANUEL RODRÍGUEZ BARREIRO, data de rexistro 04.04.2012, nº de rexistro 1.753 solicitando "INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE FORA DE ORDENACIÓN (D. T. 3ª LEI 2/2010) DE EDIFICACIÓN ADICADA A NAVE ALMACÉN DE APEIROS AGRÍCOLAS", co emprazamento: Arriba da Quenlla-carretera PO-201 – Silleda (ref. Catastral 36052K504004030000EA, 36052K504055070000EU, 36052K504055080000EH, 36052K504055100000EU, 36052K504055110000EH, 36052K504055120000EW), segundo memoria redactada polo Arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro.

Á vista do informe técnico emitido polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, de data 27 de xullo de 2012, e a demais documentación obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por

unanimidade acorda:

A Inscripción no Rexistro de Fora de Ordenación solicitada por D. MARCELINO MANUEL RODRÍGUEZ BARREIRO.

3.6.- Examinado o expediente promovido por D. SAMUEL VIEITEZ RAMOS, data de rexistro 28.03.2012, nº de rexistro 1.574 solicitando "INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE FORA DE ORDENACIÓN (D. T. 3ª LEI 2/2010) DE EDIFICACIÓN ADICADA A VIVENDA", co emprazamento: Barral, nº 10 - Vilar – Silleda (ref. Catastral 36052L502001040000BQ), segundo memoria redactada polo Arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro.

Á vista do informe técnico emitido polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, de data 27 de xullo de 2012, e a demais documentación obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

A Inscripción no Rexistro de Fora de Ordenación solicitada por D. SAMUEL VIEITEZ RAMOS.

3.7.- Examinado o expediente promovido por Dña. AMANDA EVA SALINAS ORFEL, data de rexistro 13.03.2012, nº de rexistro 1.207 solicitando "INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE FORA DE ORDENACIÓN (D. T. 3ª LEI 2/2010) DE EDIFICACIÓN ADICADA A RESTAURANTE E VIVENDA", co emprazamento: Ponte de Taboada, nº 45 - Taboada – Silleda (ref. Catastral 36052A050004910000KD), segundo memoria redactada polo Arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro.


Á vista do informe técnico emitido polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, de data 27 de xullo de 2012, e a demais documentación obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

A Inscripción no Rexistro de Fora de Ordenación solicitada por Dña. AMANDA EVA SALINAS ORFEL.

3.8.- Examinado o expediente promovido por HIERROS FERGO, REPRESENTADO POR FRANCISCO JAVIER LÓPEZ ALÉN, data de rexistro 13.03.2012, nº de rexistro 1.206 solicitando "INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE FORA DE ORDENACIÓN (D. T. 3ª LEI 2/2010) DE EDIFICACIÓN ADICADA A FABRICACIÓN DE CARPINTERÍA METÁLICA E VENDA POLO MIUDO E AO PORMAIOR DE FERROS E COMERCIO MAIOR INTERINDUSTRIAL", co emprazamento: Lugar da Mera – Silleda (ref. Catastral 36052K507006500000EU), segundo memoria redactada polo Arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro.

Á vista do informe técnico emitido polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, de data 27 de xullo de 2012, e a demais documentación obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

A Inscripción no Rexistro de Fora de Ordenación solicitada por HIERROS FERGO, REPRESENTADO POR FRANCISCO JAVIER LÓPEZ ALÉN.



3.9- Examinado o expediente promovido por JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ, REPRESENTANDO A CEREALES PIÑEIRO, S. C., data de rexistro 28.02.2012, nº de rexistro 0904 solicitando "INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE FORA DE ORDENACIÓN (D. T. 3ª LEI 2/2010) DE EDIFICACIÓN ADICADA A NAVE DE FABRICACIÓN DE PENSOS E ALMACENAXE E VENDA DE PRODUCTOS AGRÍCOLAS", co emprazamento: Lugar de Cuiña, nº 4 - Piñeiro – Silleda (ref. Catastral 36052D502002420000XO, 36052D502002370000XF), segundo memoria redactada polo Arquitecto Óscar Botana Pérez.

Á vista do informe técnico emitido polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, de data 27 de xullo de 2012, e a demais documentación obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

A Inscripción no Rexistro de Fora de Ordenación solicitada por JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ REPRESENTANDO A CEREALES PIÑEIRO, S. C.

3.10.- Examinado o expediente promovido por FORJADOS BREY, REPRESENTADO POR MANUEL BREY FARES, data de rexistro 29.02.2012, nº de rexistro 0932 solicitando "INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE FORA DE ORDENACIÓN (D. T. 3ª LEI 2/2010) DE EDIFICACIÓN ADICADA A NAVE DE FABRICACIÓN E VENDA DE MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN", co emprazamento: Vilacalva, nº 6 - Cira – Silleda (ref. Catastral 36052P502001270000DH), segundo memoria redactada polo Arquitecto Óscar Botana Pérez.

Á vista do informe técnico emitido polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, de data 27 de xullo de 2012, e a demais documentación obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

A Inscripción no Rexistro de Fora de Ordenación solicitada por FORJADOS BREY, REPRESENTADO POR MANUEL BREY FARES.

3.11.- Examinado o expediente promovido por MANUEL GARCÍA MONTOTO, EN REPRESENTACIÓN DE S. A. T. OS HERDEIROS, data de rexistro 28.06.2012, nº de rexistro 3554 solicitando "LICENCIA MUNICIPAL DE OBRA E PROVISIONAL DE ACTIVIDADE PARA AMPLIACIÓN DE ESTABULACIÓN DE VACÚN DE LEITE", co emprazamento: Forcas (parcelas nº 503-274 e nº 503-275 do Catastro) – Silleda (ref. Catastral 36052S503002750000KP e 36052S503002740000KQ), segundo proxecto básico e de execución, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas con data 22.06.2012, nº 300/12 (po), redactado pola enxeñeira técnica agrícola Alejandra González Bastos.

Á vista do informe técnico emitido polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, de data 1 de agosto de 2012, e a demais documentación obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

Conceder a S. A. T. OS HERDEIROS, representada por D. Manuel García Montoto, a licencia municipal de obra e provisional de actividade para AMPLIACIÓN DE ESTABULACIÓN DE VACÚN DE LEITE no lugar de Forcas, parroquia de Laro, parcelas nº 503-274 e 503-275 do catastro.

3.12.-Examinado o expediente promovido por GANADERÍA SIADOR, S. C., representada por D. Marcelino García Villar, en virtude de instancia de data 7 de outubro de 2011 e posterior de 9 de xullo de 2012, solicitando Licencia de actividade para "ampliación de instalación en cebadeiro porcino na parcela con referencia catastral 36052N501002500000IH, no lugar de Currelo, parroquia de Siador (Silleda)".

Vista a Acta de Comprobación realizada polo Arquitecto asesor técnico do Concello, de data 1 de agosto de 2012 e demais documentación obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

A concesión da Licencia Municipal de actividade instada por GANADERÍA SIADOR, S. C., representada por S. Marcelino García Villar, para " ampliación de instalación en cebadeiro porcino na parcela con referencia catastral 36052N501002500000IH, no lugar de Currelo, parroquia de Siador (Silleda)".

3.13.- Vistos os informes xurídicos e técnicos emitidos a requerimento da Alcaldía, segundo os cales a obra executada no lugar de Vis, parroquia de Rellas, por D. Manuel Rey Sánchez, sen a oportuna licenza ou orde de execución, non pode ser legalizada por non cumprir os retranqueos establecidos no PXOM, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:


PRIMEIRO.- incoar expediente de reposición da legalidade en relación coas obras que se realizaron no lugar de Vis, parroquia de Rellas, por D. Manuel Rey Sánchez sen a oportuna licenza ou orde de execución, consistentes na construción de unha fosa de purín.

SEGUNDO.- Sendo ditas obras non legalizables de acordo co PXOM de Silleda e demais normas urbanísticas aplicables, procedería decretar a súa demolición, para o que é necesario a obtención da oportuna icenza municipal, requirindo a tal efecto a D. Manuel Rey Sánchez para que presente o oportuno proxecto de demolición.

TERCEIRO.- Notificar este acordo aso interesados, D. Manuel Rey Sánchez e D. Julio Abel Fernández Sánchez, concedéndolles un prazo de 15 días para formular alegacións e presentar cantos documentos e probas estimen pertinentes.

3.14.- Por parte da Alcaldesa Presidenta dase conta da notificación de resolución dictada pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, con data 10.07.2012, que se transcribe a continuación:

"Resolución de arquivo do 10 de xullo de 2012 sobre a solicitude de autorización previa á concesión de licenza municipal para a construción de 16 panteóns, na parroquia de San Miguel de Lamela, no Concello de Silleda".



A Xunta de Goberno queda informada e acorda dar traslado de unha copia de esta resolución á Asociación de Veciños de San Miguel de Lamela, entidade que cursou a solicitude de autorización previa.

4º.- CONTRATACIÓN SEGURO COLECTIVO PARA FLOTA.

Por parte do Tenente de Alcalde, D. Manuel Cuiña Fernández, proponse tomar un acordo na Xunta de Goberno Local en relación coa contratación das pólizas de seguro dos vehículos municipais. Indica a conveniencia de contratar un seguro de flotas con unha única compañía, xa que suporía un considerable aforro con respecto ao sistema que na actualidade se está a levar a cabo contratando con diversas compañías.

Dende o seu departamento pedíronse varios presupostos a aseguradoras que dispoñen de axentes no municipio, recibindo varias ofertas para o seu estudio.

Unha vez analizadas estas ofertas, considérase a mais beneficiosa a realizada pola Correduría de Seguros VAZPER E FILLOS, S. L., domiciliada na Rúa María Colmeiro, nº 2 – 1º B en Silleda, con un presuposto total para toda a flota de vehículos municipais de 4.987,66.- €.

Á vista de todo o exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

A contratación coa correduría de seguros VAZPER E FILLOS, S. L. de unha póliza de seguro de flota para os vehículos municipais por un importe de 4.987,66.- €.

5º.- APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E CONDICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO, POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO.

Por parte do Concelleiro de Cultura, Turismo, Educaión e Participación Cidadá, Matías Rodríguez Da Torre, da conta do prego de cláusulas administrativas particulares e condicións técnicas para a contratación do servizo do programa lúdico-educativo de apertura de centros educativos públicos fora do horario lectivo por procedemento negociado.

O Concelleiro informa das mínimas variacións que reflexa con respecto ao aprobado no ano 2011 e sométeo a aprobación co contido que a continuación se transcribe:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FÓRA DO HORARIO LECTIVO, POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO

1. Obxecto e cualificación do contrato

O obxecto do presente Prego é definir o alcance, ámbito e contido, así como regular, establecer e planificar as condicións que rexerán, polo procedemento negociado con publicidade do servizo do PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FÓRA DO HORARIO LECTIVO no CEIP de Silleda e CEIP da Bandeira (número mínimo de 15), englobados neste programa lúdico-educativo fixando as condicións que servirán de base para a contratación. CPV.-80100000-5

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establece o artigo 10 do RD lexislativo 3/2011, de 14 de Novembro do Texto Refundido, la Ley de Contratos do Sector Público, en adiante, TRLCSP

A necesidade do contrato xustifícase pola necesidade da conciliación da vida familiar e laboral dos veciños e veciñas de Silleda.

2. Procedemento de selección e adxudicación

A forma de adxudicación do contrato será o procedemento negociado con publicidade, no que a adxudicación recaerá no candidato elixido xustificadamente polo órgano de contratación, despois de realizar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato con un ou varios deles, de acordo co artigo 169 TRLCSP

Por aplicación do artigo 177.2 TRLCSP e por rebasar o valor estimado do contrato a contía de 60.000,00 € (contrato distinto ao de obras), débese publicar anuncio conforme ao previsto no artigo 142 TRLCSP.

O artigo 142 TRLCSP sinala que os procedementos para a adxudicación de contratos das Administracións Públicas deberán anunciarse no BOP. No apartado 4 deste artigo establécese que os anuncios de licitación publicaranse, así mesmo, no Perfil do Contratante do órgano de contratación e que nos procedementos negociados aos que fai referencia o artigo 177.2, a publicidade no Perfil do Contratante poderá substituír á que debe efectuarse no BOP.

Polo tanto, o anuncio de licitación publicarase no Perfil do Contratante do Concello de Silleda. A dirección electrónica é a seguinte: www.silleda.es

Á vista do importe do contrato, que ascende a 80.000 euros, o órgano competente para realizar a presente contratación e tramitar o expediente, de conformidade coa disposición adicional segunda TRLCSP, será o alcalde, Con todo, esta competencia encóntrase delegada na Xunta de Goberno Local por resolución de 14 de xullo de 2011.

3. O perfil do contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co perfil do contratante, ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na seguinte páxina

web: www.silleda.es

4. Importe do contrato

O importe do presente contrato ascende á contía de a 80.000 euros, exentos de IVE.

O importe aboarase con cargo á partida 324.227099 do vixente orzamento municipal; existindo crédito adecuado e suficiente ata o importe aprobado polo Concello para o presente exercicio orzamentario.

Para a comparación do elemento “prezo” das ofertas terase en conta exclusivamente o prezo neto de cada unha.

5. Duración do contrato

A duración do contrato de servizo terá efectos dende o día de formalización do contrato ata o último día laborable antes do comezo do curso escolar en setembro de 2013.

6. Solicitudes de participación e criterios para a selección. Invitación a todos os empresarios que presenten ofertas.

O artigo 177.3 sinala que serán de aplicación ao procedemento negociado, nos casos en que proceda a publicación do anuncio de licitación, as normas contidas nos artigos 163 a 166 que regulan o procedemento restrinxido, onde só poderán presentar proposición aqueles empresarios que, á súa solicitude e en atención á súa solvencia, sexan seleccionados polo órgano de contratación, en aplicación duns determinados criterios obxectivos, estando prohibida toda negociación dos termos do contrato cos ou candidatos (art. 162 TRLCSP).

No entanto, nesta caso a Administración contratante non adoptará ningún criterio restritivo relativo á solvencia dos posibles licitadores, e polo tanto seleccionará ao adxudicatario de entre todos os empresarios que presenten oferta á vista do anuncio de licitación.

Para a negociación das ofertas e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios aspectos directamente vinculados ao obxecto do contrato, de conformidade co artigo 150.1 do TRLCSP e coa cláusula novena deste prego.

7. Clasificación do contratista

Dada a contía do presente contrato e de conformidade co previsto no artigo 65 e a Disposición Transitoria CUARTA do TRLCSP, non é obrigatoria a clasificación do contratista.

8. Presentación de Ofertas e Documentación Administrativa e Técnica

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no lugar e prazo de quince días naturais contado do día seguinte ao de publicación do anuncio no Perfil do contratante do órgano de contratación en tres sobres pechados asinados polo licitador ou persoa que o represente e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 9. En caso de resultar sábado ou festivo o día de finalización do prazo, quedará automaticamente prorrogado ao día hábil seguinte.

Durante dito prazo o expediente poderá ser examinado na Secretaría do Concello.

As proposicións presentaranse en horario de 9 a 14 horas no Rexistro Xeral do Concello de Silleda en man (Casa Consistorial, Rúa Trasdeza, 55 – Silleda) ou por correo, neste caso previo o cumprimento dos requisitos sinalados no art. 80.4 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de Outubro.

Cando as ofertas se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante un télex, un fax ou un telegrama o mesmo día, no que se consigne o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do candidato.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante unha dilixencia redactada o mesmo día polo secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a oferta se o órgano de contratación a recibe despois da data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta TRLCSP.

- Sobre A: Subtitulado “Documentación Administrativa”.

Conterá a seguinte documentación:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o for: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación

A-5) Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma



substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre a reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil.

C) Poderes:

Cando a licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil

D) Bastanteo de poderes:

Os poderes a que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberaos bastantear previamente o secretario da Corporación ou funcionario habilitado.

E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Declaración responsable de que a empresa interesada non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146 , 60 e concordantes do TRLCSP axustado ao seguinte modelo:

D./Dª

Con DNI

e domicilio en

provincia de

rúa nº

en nome propio ou en representación da empresa

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de -----

- Título:

Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 e 146.1.c) do TRLCSP.

Así mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

F) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:

3.1 A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os

empresarios non obrigados a presentar as contas en Rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocios.

3.2. A solvencia técnica dos empresarios acreditarase mediante a presentación de :

- Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

G) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE, caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 TRLCSP e cláusula 8 do presente prego.

H) Declaración de empresas vinculadas.

No caso de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 TRLCSP , presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou a súa denominación social, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

I) Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folia independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

12.2. Sobre B: Subtitulado “CRITERIOS TÉCNICOS DE CARÁCTER SUBXECTIVO”.

No mesmo incluírase a documentación correspondente á valoración dos criterios non cuantificables automaticamente e que dependen dun xuízo de valor.

Conterá a seguinte documentación:

- 1. Relación numerada de tódolos documentos que se presenten que deberá estar asinada polo representante legal da empresa ou persoa apoderada.*
- 2. Programa educativo presentado e adecuación aos obxectivos do presente contrato e os obxectivos establecidos nas prescricións técnicas.*
- 3. Currículos dos técnicos que van a traballar cos rapaces.*

12.3. Sobre C: Subtitulado “OFERTA ECONÓMICA E CRITERIOS OBXECTIVOS”.

Conterá a seguinte documentación:

- 1. A proposición económica formulada estritamente conforme ao modelo seguinte:*

D/D^a _____ con domicilio en _____ rúa _____ n^o _____, teléfono _____ con DNI(ou pasaporte ou documento que o substitúa) n^o actuando en nome propio (ou en representación de _____ DNI ou CIF n^o e con domicilio en _____ n^o _____ teléfono _____) toma parte no procedemento negociado para a adxudicación do contrato de servizos de _____ a cuxos efectos fai constar:

1. **Que ofrece o seguinte prezo:**

a) **Prezo Euros.**

2. **Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato.**

3. **Que acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares. En Silleda, a _____ de _____ de 2011.**

O LICITADOR (Asdo e rubricado)

2. **A experiencia previa na prestación de servizos iguais ou similares ao obxecto do contrato no ámbito dunha Administración Pública, que se acreditará mediante certificado expedido polo órgano competente.**

3. **Declaración responsable do empresario de adscrición ao servizo de máis monitores sobre os catro previstos como mínimo.**

13) Documentos: orixinais e copias.

Os documentos que se acompañen ás proposicións haberán de ser orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario ou funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

9. Criterios de adxudicación

Os criterios que servirán para valorar as ofertas e a puntuación máxima que se asignará a cada un deles serán os seguintes:

CRITERIOS SUBXECTIVOS:

1. **Programa lúdico-educativo presentado do que se valorará a súa calidade e multidisciplinaridade e adecuación aos obxectivos do presente contrato e os obxectivos establecidos no prego de prescricións técnicas . Este criterio valorarase ate un máximo de 5 puntos.**

CRITERIOS OBXECTIVOS:

1. **Prezo do contrato: valorarase a mellor oferta económica, debendo especificarse a distribución salarial de cada un dos membros do persoal encargado da prestación do servizo. Igualmente deberá especificarse a cantidade que será destinada á adquisición de material destinado a talleres e actividades. Este criterio valorarase ate un máximo de 4 puntos, que se asignarán a proposta máis favorable e aos restantes puntuaranse de maneira inversamente proporcional de acordo coa seguinte fórmula:
Puntuación = Prezo menor X Puntuación máxima /Prezo ofertado**

2. **Disposición de maior número de monitores sobre os previstos na cláusula oitava do prego**

de prescricións técnicas con carácter de número mínimo. Cada monitor a maiores do mínimo establecido valorarase con 0,5 puntos por monitor a maiores cun máximo de 1,50 puntos.

10. Garantía provisional

Non se esixe.

11. Mesa de contratación

A mesa de contratación, de acordo co establecido no punto 10 da disposición adicional segunda do TRLCSP, estará presidida por un membro da corporación ou un funcionario dela e actuará como secretario un funcionario da corporación. Formarán parte dela, polo menos, catro vogais, entre os que estará o secretario ou, se é o caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o interventor, así como aquel outros que designe o órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da corporación, ou membros electos dela.

Conforman a mesa de contratación os seguintes membros:

- Dña. Paula Fernández Pena, que actuará como presidenta da mesa ou concelleiro no que delegue.*
- Dña. Soledad Rey Asorey, vogal (traballadora laboral do Departamento de Educación) ou traballador/a que a substitúa.*
- Dña. Isabel Pernas Sánchez, vogal (interventora da corporación) ou funcionario que lle substitúa.*
- D. Matías Rodríguez da Torre(concelleiro de educación), vogal.*
- Dña. D. Cristina Alonso (secretaría xeral da corporación), vogal, que actuará á vez como secretaria da mesa.*

Asemade a mesa de contratación contará cun informe no que se valorará e avaliará o programa educativo e o carácter multidisciplinar das actividades propostas, o cal terá carácter consultivo e de asesoramento, e será emitido por un integrante do Consello Municipal de Educación, experto no ensino dos cursos de infantil e primaria (3 – 12 anos), idades obxecto do Programa.

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dous ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que maior puntuación acade na valoración dos criterios valorados mediante fórmulas matemáticas, isto é na redución do prazo de execución da obra e no aumento do prazo de garantía.

12. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do TRLCSP, ten as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.*
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.*
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.*
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.*

13. Apertura de ofertas

A mesa de contratación cualificará previamente a documentación a que se refire o artigo 146 TRLCSP, que os candidatos deberán presentar nun sobre distinto ao que conteña a oferta, procederá posteriormente á apertura e exame destas e despois formulará a correspondente proposta de adxudicación ao órgano de contratación, tendo en conta os aspectos de negociación coa empresa previamente definidos no prego.

Para a negociación das ofertas teranse en conta criterios distintos ao do prezo, así que a mesa poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, todos os informes técnicos que considere precisos.

A apertura das ofertas deberase realizar no prazo máximo dun mes contado desde a data de finalización do prazo para as presentar.

Se a mesa observa defectos ou omisións emendables na documentación administrativa achegada, outorgará un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores corrixa ou emenden estes ante a propia mesa de contratación.

No caso de que non existan defectos que subsanar procederase a apertura do sobre B e unha vez cuantificados os criterios procederase a apertura do sobre C. Para a valoración dos criterios subxectivos a mesa poderá solicitar os informes técnicos que considere precisos.

14. Requirimento da documentación

Unha vez recibidos os informes e reunida de novo a mesa de contratación, esta clasificará por orde decrecente as proposicións presentadas e propondrá o candidato que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa que, dentro do prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a seguinte documentación:

A) Documentación xustificativa de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social,

B) Documentación xustificativa de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente(5% do importe de adxudicación)

C) Documentación acreditativa de dispor de unha póliza de seguros de responsabilidade civil, para cubrir as posibles responsabilidades civís derivadas da execución do contrato e unha póliza de accidentes (aportarase copia da póliza e do pagamento do último recibo en vigor).

15. Garantía definitiva

O candidato que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá constituír unha garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais das delegacións de Economía e Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as que deban producir efecto, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.

b) Mediante un aval, prestado na forma e nas condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante un contrato de seguro de caución, realizado na forma e nas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no sector. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 100 TRLCSP.

16. Ofertas con valores anormais ou desproporcionados

O carácter desproporcionado ou anormal das ofertas no que se refire ao criterio do prezo apreciarase de conformidade co artigo 85 do RD 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, así como o artigo 152.2 TRLCSP.

17. Adxudicación do contrato

Unha vez recibida a documentación, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que recolle este prego.

A adxudicación, que deberá ser motivada; esta notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou ao candidato descartado interpoñer un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes puntos:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se rexeitou a súa candidatura.
- A respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén de xeito resumido, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.
- En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentaron os restantes licitadores cuxas ofertas foron admitidas.
- Na notificación e no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á

formalización.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios de figuren no prego.

Na notificación e no perfil de contratante indicarse o prazo en que debe procederse á súa formalización.

A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderase realizar por correo electrónico ao enderezo que os licitadores ou candidatos indicasen ao presentaren as súas proposicións. O prazo para considerar rexeitada a notificación será de cinco días.

18. Formalización do contrato

A formalización do contrato en documento administrativo realizarase dentro dos quince días hábiles seguintes contados desde a data da notificación da adxudicación; o dito documento constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública e os correspondentes gastos correrán pola súa conta.

Cando, por causas imputables ao contratista, non se puidese formalizar o contrato no prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución del, así como a incautación da garantía provisional que, de ser o caso, se constituíse.

19. Dereitos e obrigas do adxudicatario

O contrato executarase con suxeición ao establecido nas súas cláusulas e nos pregos e de acordo coas instrucións que lle der para a súa interpretación o órgano de contratación ao contratista.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

20. Revisión de prezos

Non procede.

21. Prazo de garantía

Estarase ao disposto nos artigos 95 a 102 TRLCSP

22. Execución do contrato

O contrato executarase con suxeición ao establecido neste prego de condicións e no prego de prescricións técnicas e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dará o órgano de



contratación ao contratista.

Pola natureza do contrato, non se admite a subcontratación do obxecto do contrato.

23. Modificación do contrato

Estarase ao disposto nos artigos 105 a 108 TRLCSP

24. Resolución do contrato

A resolución do contrato producirase nos supostos que se sinalan neste prego e nos fixados nos artigos 223 e 308 TRLCSP e será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou por instancia do contratista.

Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, incautase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e perdas orixinados á Administración no que excedan do importe da garantía.

25. Confidencialidade , segredo profesional e protección de datos

Toda a información facilitada pola administración ou obtida polo adxudicatario en relación ao presente contrato terá carácter confidencial, debendo o adxudicatario agardar o debido segredo profesional con carácter indefinido, salvo que a Administración llo autorice expresamente e para supostos concretos e determinados.

Así mesmo está obrigado a cumprir coa normativa de protección de datos de carácter persoal durante toda a duración do contrato e con posterioridade ao mesmo.

26. Réxime xurídico do contrato


Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeranse polo establecido neste Prego, o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en todo o que non se opoña ao TRLCSP. De maneira supletoria, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, a falta delas, as normas de dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes do presente contrato, de conformidade co disposto no artigo 21.1 TRLCSP

Silleda, 2 de agosto de 2012.

O CONCELLEIRO DE EDUCACIÓN

Matías Rodríguez da Torre



PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FÓRA DO HORARIO LECTIVO, POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO

O obxecto do presente Prego é definir o alcance, ámbito e contido, así como regular, establecer e planificar as condicións que rexerán, polo procedemento negociado con publicidade dos servizos “Esperta Connosco, Espazo Divertido e Campamentos de Verán e Nadal” no CEIP de Silleda e CEIP da Bandeira (número mínimo de 15), englobados neste programa lúdico-educativo fixando as condicións que servirán de base para a contratación.

A necesidade do contrato xustifícase pola necesidade da conciliación da vida familiar e laboral dos veciños e veciñas de Silleda.

PRIMEIRA.- LUGAR DE DESENVOLVEMENTO

O servizo desenvolverase no CEIP de Silleda e CEIP da Bandeira, utilizándose ó efecto as dependencias dos mesmos máis idóneas en función da actividade a desenvolver, debendo adecuarse á normativa esixida no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

O concello resérvase o dereito a modificar os lugares para a execución do servizo, en concreto, levarase a cabo nos dous centros sempre que teñan un mínimo de 15 inscricións.

SEGUNDA.- DATAS DE DESENVOLVEMENTO

O servizo desenvolverase durante os meses de setembro de 2012 (data de comezo do curso escolar) a setembro de 2013 (último día laborable antes do comezo do curso escolar), ambos inclusive, de luns a venres en horarios de mañá e de tarde, agás festivos.

TERCEIRA.- HORARIOS.

O servizo desenvolverase segundo os seguintes horarios:

- Durante o curso escolar:

Mañás: De 8,00 a 08’55 horas

Tardes: De 15’30 a 21’00 horas

Se houbese matrícula suficiente no CEIP de Bandeira, preveríase o servizo aproximadamente polas mesmas horas

- Durante os campamentos de Nadal, Entroido, Pascua e Verán:


Mañás: De 9 a 14’00 horas

Tardes: De 16’00 a 20’00 horas

CUARTA.- PARTICIPANTES.

Serán participantes os nenos de todo o municipio, de Educación Infantil e Educación Primaria que así o soliciten en canto non excedan o número máximo de prazas que se establezan, quedando, en todo caso, en listaxe de agarda aqueles que realicen a inscrición máis tarde.

QUINTA. – OBRIGAS XERAIS DA EMPRESA ADXUDICATARIA.



O adxudicatario do presente contrato asume as seguintes obrigas:

5.1 Planificar, organizar, desenvolver e avaliar os servizos, así como a atención para os días laborables do Entroido e a Pascua, en función da oferta presentada, que haberá de ser elaborada con suxeición ao establecido nas presentes condicións.

5.2 O seguimento individual e grupal dos/as participantes, así como a coordinación e supervisión das actividades desenvolvidas, o acompañamento e dinamización de grupos.

5.3 Proporcionar o material necesario para os talleres e actividades a realizar pola monitoraxe nas actividades dinamizadoras e lúdicas.

5.4. Proporcionar o almorzo a aqueles nenos que demanden dito servizo e asumir os custos do mesmo.

5.5. Levar as funcións de documentación e xestión derivadas da planificación e execución dos servizos contratados e supervisión, xunto co responsable municipal designado/a polo Concello de Silleda.

5.6. Ter a disposición do servizo un teléfono para o contacto permanente co Concello, así como un caixa de primeiros auxilios de primeiros auxilios con material sanitario básico e os seguros correspondentes de responsabilidade civil e accidentes.

5.7. A entidade adxudicataria deberá prever coordinadamente coa Concellaría de Educación reunión informativas, previas ao comezo das actividades, co obxectivos de facilitarlles todos os pormenores ás familias, o que conlevará a presentación do equipo de monitores/as e director, sendo tamén responsable da custodia e protección dos datos dos participantes así como da recepción e entrega dos mesmos aos adultos responsables dos menores.

5.8. Será responsabilidade da empresa adxudicataria do coidado e bo uso das instalacións e o arranxo ou reposición de materiais que puidesen deteriorarse ou desaparecer no desenvolvemento das actividades

5.9. Deberá a empresa demostrar antes do inicio do programa a suficiente solvencia económica para realizar o servizo

5.10. Manterá o compromiso na utilización da lingua galega e da linguaxe non sexista nas actividades..

5.11. Fornecerá a cada participante o seguinte vestiario: camiseta e pano que levará serigrafiada a imaxe corporativa que lle facilite o Concello.

SEXTA.- PROXECTO PEDAGÓXICO. PROGRAMACIÓN.

Os licitadores haberán de presentar un Programa/Proxecto de desenvolvemento do servizo servizos "Esperta Connosco, Espazo Divertido e Campamentos de Verán e Nadal" que será valorado conforme o disposto nos Pregos. Para a súa elaboración sinálanse os seguintes criterios xerais:

a) Obxectivos xerais:

-- Ofrecer aos nenos unha alternativa de ocio educativo durante os espazos de tempo libre previo e posterior á actividade escolar..

-- Complementar o proceso educativo dos participantes cunha intervención social, lúdica e pedagóxica que fomente o seu desenvolvemento integral.

-- Estimular nos nenos o desenvolvemento de estratexias e a motivación para gozar do tempo de ocio de forma socializadora, construtiva e san.

-- Favorecer a integración positiva e participación dos nenos e nenas fomentando as relacións de amizade e a relación grupal.

-- Promover actitudes de respecto e valoración do medio, a cultura e a lingua do seu entorno.

-- *Desenvolver habilidades creativas a través da utilización de diferentes formas de expresión, impulsando a autonomía na realización das mesmas.*

b) Metodoloxía:

A metodoloxía deberá ser acorde ós obxectivos propostos e, en todo caso, axustarse ós seguintes criterios:

- *Variada e dinámica, respectando os momentos de descanso e os diferentes ritmos.*
- *Flexible para permitir a adaptación ás distintas características dos rapaces e incidencias que puidesen acontecer.*
- *Deberá potenciar as relacións de respecto mutuo.*
- *Fomentar a responsabilidade e iniciativas propias.*
- *Personalizada, que permita un seguimento individualizado de todos os nenos.*
- *Creadora dun clima de aceptación e expresión libre.*

c) Actividades:

Deberán ir encamiñadas á consecución dos obxectivos propostos e axustaranse ás seguintes características:

- *Variadas e motivadoras.*
- *Que desenvolvan habilidades creativas e expresivas sen repetir os modelos académicos.*
- *Actividades lúdico-pedagóxicas, de promoción artística, polideportivas, de corresponsabilidade e de promoción da igualdade, de promoción de hábitos de vida saudables, visitas e excursións que fomenten a tipoloxía de actividades anteditas e mesmo actividades de convivencia coas familias.*

SÉTIMA.- AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE.

O adxudicatario deberá realizar unha avaliación da actividade atendendo aos seguintes criterios:


- *Avaliación inicial.*
- *Avaliación continua, haberá unha avaliación das actividades diarias.*
- *Avaliación final ó rematar a implementación do proxecto. Dito informe final entregárase ao concelleiro de educación no prazo de dez días dende o remate do contrato.*

OITAVA.- PERSOAL.

8.1 *O adxudicatario deberá contar co persoal técnico axeitado para o desenvolvemento da actividade e, cando menos, o seguinte persoal para atender 90 nenos e nenas:*

- a) *Unha persoa coa titulación de mestre, diplomada na especialidade de educación primaria ou infantil,*
 - b) *Catro monitores de Tempo Libre ou equivalente,*
 - c) *Unha persoa coa licenciatura en Psicoloxía, Psicopedagogía ou Pedagogía na especialidade de Escolar,*
 - d) *Unha persoa coa titulación en Educación Social,*
 - e) *Unha persoa para servizos xerais con carné de manipuladora de alimentos, tales como preparación e servizo de almuerzo valorándose formación específica en atención infantil.*
- Respectarase unha rato mínima de un coidador/a por cada 12 nenos e nenas.*

8.2 *Como queira que tanto o número de monitores como o seu currículo son obxecto de valoración específica, o adxudicatario asume expresamente a obriga de asignar ao desenvolvemento da actividade os concretos profesionais.*



8.3 *Só por causas de forza maior debidamente xustificadas se autorizará a substitución dalgún dos monitores por outro de similar cualificación, polo que o cambio de profesionais proposto desde a empresa, una vez iniciada a actividade será excepcional, tendo que ser debidamente xustificada diante da dirección técnica do Concello, debendo o substituto/a posuír un perfil semellante á persoa substituída.*

8.4 . *O número de monitores indicados está previsto para atender 90 nenos e nenas*

8.5 . *Deberá nomearse por parte da empresa 1 director/a coordinador/a para toda a actividade con acreditada experiencia na organización e xestión de recursos humanos e técnicos que constituirá interlocución única cos responsables municipais.*

9. REQUISITOS A CUMPRIR POLO CONCELLO

A dirección técnica municipal será exercida polo concelleiro de educación que poderá delegar a supervisión directa do seguimento da contratación nun empregado-responsable municipal, correspondéndolle as seguintes funcións:

- 1.** *Coordinar o persoal municipal co persoal da empresa.*
- 2.** *Autorizar os plans de traballo técnico propostos pola empresa*
- 3.** *Controlar, inspeccionar e avaliar o servizo prestado polos medios que se estimen oportunos*
- 4.** *Mediar naquelas situación de conflito que puidesen xurdir cos destinatarios/as ou grupos obxecto do servizo*
- 5.** *Determinar as directrices ou premisas da organización e xestión do servizo (reunión, supervisión, etc.) e ordenar as modificacións na prestación que o interese público aconselle, así como establecer os indicadores e requisitos de calidade a cumprir pola empresa adxudicataria.*
- 6.** *Responsabilizarse do proceso de solicitude de prazas, inscrición e matrícula.*

10. COMISIÓN DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PROGRAMA

O Concello de Silleda prevé conformar una comisión de nais e pais para valorar, avaliar e proceder ao seguimento do Programa Cascarón e as súas actividades, a cal se reunirá co concelleiro de Educación para tal fin, e se for preciso coa empresa adxudicataria, cando menos una vez por trimestre.

11.- PRAZO DE EXECUCIÓN.

O prazo de execución dos servizos terá efectos dende o día de formalización do contrato ata a data laborable anterior ao comezo do curso en setembro de 2013.

12.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

A adxudicación realizarase sobre a base dos seguintes criterios:

CRITERIOS SUBXECTIVOS:

- 1.** *Programa lúdico-educativo presentado do que se valorará a súa calidade e multidisciplinaridade e adecuación aos obxectivos do presente contrato e os obxectivos establecidos no prego de prescricións técnicas . Este criterio valorarase ate un máximo de 5 puntos.*

CRITERIOS OBXECTIVOS:

1. *Prezo do contrato: valorarase a mellor oferta económica, debendo especificarse a distribución salarial de cada un dos membros do persoal encargado da prestación do servizo. Igualmente deberá especificarse a cantidade que será destinada á adquisición de material destinado a talleres e actividades. Este criterio valorarase ate un máximo de 4 puntos, que se asignarán a proposta máis favorable e aos restantes puntuaranse de maneira inversamente proporcional de acordo coa seguinte fórmula:*
Puntuación = Prezo menor X Puntuación máxima /Prezo ofertado

2. *Disposición de maior número de monitores sobre os previstos na cláusula oitava do prego de prescricións técnicas con carácter de número mínimo. Cada monitor a maiores do mínimo establecido valorarase con 0,5 puntos por monitor a maiores cun máximo de 1,50 puntos.*

Silleda, 1 de agosto de 2012.

O CONCELLEIRO DE EDUCACIÓN

Matías Rodríguez da Torre

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e de condicións técnicas para a contratación do servizo do programa lúdico-educativo de apertura de centros educativos públicos fora do horario lectivo pro procedemento negociado.

6º.- APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA SUBMINISTRACIÓN DE UN VEHÍCULO FURGONETA CON CAIXA ABERTA BASCULANTE.

Por parte da Alcaldesa, dase conta do prego de cláusulas administrativas particulares e condicións técnicas para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, da subministración de un vehículo furgoneta con caixa aberta basculante, e sométeo a aprobación co contido que a continuación se transcribe:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLIDIDADE DA SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO FURGONETA CON CAIXA ABERTA BASCULANTE

1) Obxecto do contrato.-

O obxecto do presente procedemento negociado sen publicidade é a contratación da subministración dun VEHÍCULO FURGONETA CON CAIXA ABERTA BASCULANTE para o Concello de Silleda con



suxeición as características técnicas redactadas polos servizos técnicos e que se unen a este prego formando parte do mesmo a todos os efectos, tendo carácter contractual.

No caso de contradicción entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.

2) Presuposto do contrato.-

Sínálase como tipo de licitación o importe de 40.198,49 € (IVE incluído)

Entenderase que os contratistas ao formular as súas propostas económicas incluíron dentro das mesmas o importe do IVE sen perxuízo de que o importe de este imposto se indique como partida independente, de conformidade co modelo de oferta económica do presente prego.

3) Financiamento.-

Para atender as obrigas derivadas do presente contrato existe crédito suficiente no orzamento da Corporación. A financiación do contrato efectuarase con cargo a partida 172.624 do orzamento de gastos para o exercicio 2012.

4) Revisión de prezos.

Non procederá en ningún caso a revisión de prezos do presente contrato e por tanto non se aplicará ningunha fórmula de revisión.

5) Capacidade para contratar.

7.1.-Poderán concorrer por sí ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade para obrar non estean comprendidas nalguna das circunstancias que enumera o artigo 60 e seguintes do TRLCSP /RD leg. 3/2011, de 14 de Novembro e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica da forma prevista na cláusula 10 do presente prego.

6) Clasificación do contratista.

Segundo o artigo 60 TRLCSP para celebrar contratos co sector público os empresarios deben acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica que se determinen polo órgano de contratación. Este requisito será substituído polo da clasificación, cando esta sexa esixible conforme ao disposto nesta Lei.

Pola súa banda, o artigo 65 TRLCSP establece que para contratar coas Administracións Públicas a execución de contratos de obras de importe igual o superior a 350.000 € ou de contratos de servizos de presuposto igual ou superior a 120.000 € será requisito indispensable que o empresario se atope debidamente clasificado.

Polo tanto, que cabe concluír que no presente contrato non é precisa a clasificación do empresario.

7) Unións temporais de empresas.

A Administración poderá contratar con unións de empresarios que se constituán temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

Para estes efectos cada unha das empresas que a compoñen deberán indicar nomes e circunstancias dos que a constituán e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse

formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Así mesmo deberán presentar cada unha delas a documentación esixida na cláusula 11 e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos seus integrantes. E no caso de que se esixa clasificación estarase ao disposto no artigo 67 TRLCSP.

No suposto de resultar adxudicataria, as unións temporais deberán formalizar esta, en escritura pública, así como presentar o CIF de unións temporais, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e a súa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente diante da administración.

8) Procedemento de adxudicación.

A adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras consultar con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato con un ou varios deles, de acordo co art. 169 TRLCSP

O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado por razón da contía por non superar a cantidade indicada no art. 173 do TRLCSP (valor estimado inferior a 100.000,00 €).

Por aplicación do art. 177 do TRLCSP e por non rebasar o valor estimado do contrato a contía de 60.000,00 € (contrato de subministración) non será necesario dar publicidade ao procedemento, asegurándose a concurrencia, solicitando ofertas a polo menos tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato.

9) Proposicións: Lugar e prazo de presentación.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse no prazo de cinco días hábiles contados dende o día seguinte ao da recepción das invitacións, en tres sobres pechados asinados polo licitador ou persoa que o respresente e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 11. En caso de resultar sábado ou festivo o día de finalización do prazo, quedará automaticamente prorroado ao día hábil seguinte.

Durante dito prazo o expediente poderá ser examinado na Secretaría do Concello .

As proposicións presentaranse en horario de 9 a 14 horas no Rexistro Xeral do Concello de Silleda en man (Casa Consistorial, Rua de Trasdeza, 55- Silleda) ou por correo, neste caso previo o cumprimento dos requisitos sinalados no art. 80.4 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de Outubro.

10) Proposicións: documentación que deben presentar os licitadores.

Sobre A: subtítulo "Documentación administrativa".

Sobre B: Referencias Técnicas (no que se incluírá a documentación relativa ás cuestións relacionadas cos criterios de adxudicación cuxa cuantificación require un xuízo de valor de conformidade co art. 150 TRLCSP).

Sobre C. Oferta económica (no que se incluírá a documentación relativa aos criterios de adxudicación , aritméticos ou evaluables mediante a aplicación de fórmulas, de conformidade co art. 150 do TRLCSP)

10.1 .- Sobre A: subtitulado "Documentación administrativa".

Conterá a seguinte documentación:

A) Documento acreditativo da capacidade das empresas

A-1) Empresario individual: Fotocopia do NIF, Pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: Escritura de constitución ou modificación de se-lo caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fose: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, ou, de se-lo caso, no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia da Tarxeta de Código de Identificación Fiscal (CIF), debidamente cotexada.

A-3) Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación .

A-5) Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre a reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante .

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil.

C) Poderes:

Cando a licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil

D) Bastanteo de poderes:

Os poderes a que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberaos bastantear previamente o secretario da Corporación ou funcionario habilitado

E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Declaración responsable de que a empresa interesada non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 60 TRLCSP e demais concordantes, axustado ao seguinte modelo:

D./Dª

Con DNI

e domicilio en

provincia de

rúa nº

en nome propio ou en representación da empresa

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de subministración de unha retroexcavadora para o Concello de Silleda:

Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 TRLCSP e demais concordantes,

Así mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

F) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica.

Os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire o art. 62 e concordantes do TRLCSP e a solvencia técnica mediante a relación dos principios subministrados realizados no curso dos tres últimos anos, acreditados mediante certificado do destinatario (de acordo co sinalado no art. 66 da LCSP).

G) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituirse formalmente en UTE no caso de resultaren adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 TRLCSP.

H) Declaración de empresas vinculadas.

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo nos termos a que se refire o artigo 145 TRLCSP presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o seu nome ou denominación social, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por tódalas empresas vinculadas que concorran á licitación.

I) Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, nunha folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente, de conformidade coa cláusula 10.1

10.2.- Sobre B: Subtitulado "Referencias técnicas".

Documentación técnica a incluír. Este sobre conterá as seguintes referencias técnicas:

a) Memoria descriptiva onde se especificarán todas as características técnicas do **VEHÍCULO FURGONETA DE CAIXA ABERTA BASCULANTE**, achegando catálogos, folletos, fotografías... Para facilitar o traballo de avaliación das ofertas, os licitadores diferenciarán claramente e de forma inequívoca as características mínimas exixidas no prego de prescricións técnicas e as que realmente supoñen unha mellora da oferta.

10.3.- Sobre C: Subtitulado "Oferta económica"

Conterá a oferta económica formulada estritamente conforme ao seguinte modelo:

D. con domicilio en calle.....nº de teléfono....., con DNI (ou pasaporte ou documento que o sustitúa) nº..... actuando en nome propio ou en representación de DNI ou CIF nº E con domicilio en Nº teléfono..... Toma parte no procedemento negociado con publicidade para a subministración de un tractor con desbrozadora de brazo para o Concello de Silleda, e tales efectos fai constar:

1º.- Que ofrece o seguinte precio:

- A) Precio sin IVA euros.
- B) Imposto sobre o valor engadido (IVE).
- C) Total (A+ B)euros.

2º.- Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos Pregos de Cláusulas Administrativas.

3º.- Que acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas Particulas.

En, a..... de de 200.

O licitador (firmado e rubricado).

b) Declaración na que se faga constar o prazo de entrega dos bens ó Concello de Silleda (prazo máximo , o día 25 de setembro de 2012, ao estar supeditada a adquisición a unha subvención de Xunta de Galicia)

c) Farase constar o prazo de garantía que se oferta a maiores do legalmente previsto para os bens subministrados tendo en conta que o prazo mínimo de garantía é de dous anos.

11) Documentos: orixinais e copias.

Os documentos que se acompañen ás proposicións haberán de ser orixinais. Non obstante, admíranse

fotocopias dilixenciadas polo secretario ou funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

12) Garantía provisional.

En consonancia co disposto no art. 103 os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

13) Apertura de proposicións.

Unha vez cualificada a documentación administrativa presentada procederase a apertura do sobre B Na valoración das proposicións van a terse en conta criterios distintos ao prezo, polo que o órgano correspondente poderá solicitar antes de formular a súa pros posta de adxudicación, cantos informes técnicos considere precisos.

14) Criterios de adxudicación.

Serán criterios a ter en conta na adxudicación de este procedemento negociado sen publicidade os seguintes:

- 1. Características técnicas do vehículo furgoneta descrita no obxecto do contrato segundo a documentación achegada no sobre B. Ata 40 puntos. (As determinacións técnicas teñen carácter de mínimos, podendo os licitadores presentar nas ofertas as melloras que consideren oportunas para a súa valoración, mediante informe técnico que fose preciso, que en ningún caso poderán supor menoscabo das inicialmente esixidas)*
- 2. Maior prazo de garantía no ben subministrado: ata 40 puntos. Valorándose segundo a formula seguinte:*

$$\text{Puntuación} = \text{Prazo maior} \times \text{Puntuación máxima} / \text{Prazo ofertado}$$

- 3. Oferta económica: ata 20 puntos do seguinte modo: Valorándose segundo a formula seguinte:*


$$\text{Puntuación} = \text{Prezo menor} \times \text{Puntuación máxima} / \text{Prezo ofertado}$$

15) Baixa temeraria.

Cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen ditas ofertas, acompañando a documentación correspondente. A justificación realizada polos licitadores remitirase aos servicios técnicos para que emitan o correspondente informe.

Considerarase, en principio, como desproporcionada ou temeraria, a baixa de toda proposición cuxa porcentaje exceda en 10 unidades, polo menos, á media aritmética das porcentaxes de baixa de todas as proposicións presentadas, sendo criterios obxetivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou temeraria da baixa os seguintes:

- Adecuada xustificación dos prezos ofertados en relación coa calidade do ben.*
- Programa detallado execución da prestación.*



- *Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.*

16) Adxudicación

A adxudicación do contrato acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada, que se notificará aos licitadores, contendo en ditas notificacións as circunstancias a que se refire o art. 151 do TRLCSP, e se publicará no Perfil do Contratante .

Para elo, unha vez determinada a oferta economicamente máis vantaxosa, o órgano de contratación de conformidade co establecido no art. 151.2 TRLCSP, requerirá ao licitador que teña presentado a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de cinco días hábiles presente a seguinte documentación:

- *Presentar a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social mediante presentación de certificacións expedidas polo órgano competente.*
- *Constituír a garantía definitiva por importe do 5% do importe total da adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 95 e concordantes do TRLCSP.*

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes a recepción da documentación, sen que poida declararse deserta a licitación se houberse algúnha oferta ou proposición que sexa admisible, de acordo cos criterios que figuren no prego. De non cumprimentarse dito requerimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte polo orden en que quedaran clasificadas as súas ofertas.

A adxudicación notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante do Concello de Silleda na páxina web do Concello : www.silleda.es

A administración poderá refusar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que se atopen en situación de demora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigas derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pagamento. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro for rexeitado pola administración.

17) Formalización do contrato.

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo o devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

No caso dos contratos menores definidos no artigo 138.3 estarase, no referente á súa formalización, ao que se dispón no artigo 111 do TRLCSP

Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme ao artigo 40 do TRLCSP, non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos. As Comunidades Autónomas poderán incrementar este prazo, sen que exceda dun mes.

O órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato en prazo non superior a cinco días contado desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que leve aparelada a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederá cando o órgano competente para a resolución do recurso erguese a suspensión.

Nos restantes casos, a formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 151.4 TRLCSP

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, se é o caso esixise.

Se as causas da non formalización foren imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle puidese ocasionar.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización, agás nos casos previstos no artigo 113 TRLCSP

18) Lugar e prazo de entrega.

Dado que o obxecto do contrato o constitúe a subministración dun vehículo furgoneta para o Concello de Silleda o adxudicatario deberá entregar o ben obxecto do presente contrato na Casa do Concello sita na Rua de Trasdeza, 55 (Silleda). O prazo de entrega da subministración fixarano os licitadores na súa oferta sen que en ningún caso poida ser superior á data xa sinaloa anteriormente, e decir, 25 de setembro de 2012.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

Cando o contratista por causas imputables ao mesmo, incurrixe en demora respecto ao cumprimento dos prazos a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diaris con arreglo as condicións establecidas no art. 212 TRLCSP.

Os gastos de entrega e transporte dos bens obxecto de subministración e a súa matriculación serán por conta do contratista. O adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, averías ou perxuízos ocasionados aos bens antes da súa entrega a Administración, salvo que esta incurrixe en mora.

19) Bens de calidade defectuosa.

O adxudicatario responderá da calidade dos bens subministrados e das faltas que houber.

Cando os bens non se atopen en estado de ser recibidos farase constar así na Acta de Recepción e daranse as instrucións precisas ao contratista para que subsane os defectos ou proceda a unha nova subministración de conformidade co pactado.

20) Pagamentos.

O pagamento do prezo efectuarase unha soa vez, cando fosen subministrados de acordo con este prego a totalidade dos bens a que se refire o presente contrato.

Requerirá a presentación previa da factura acompañada da acta de recepción correspondente e deberá ser aprobada polo órgano de contratación correspondente.

Nos prezos da oferta enténdese que os licitadores incluíron todos os traballos que corresponde a subministración, traslado, seguros, avais, etc. E todas as outras tarefas que inciden no proceso de execución do contrato. En consecuencia, o adxudicatario non poderá esixir o pagamento de ningunha cantidade por estes conceptos.

21) Modificacións do contrato.

No suposto de modificacións do contrato de subministración estarase ao disposto nos arts. 219 e concordantes do TRLCSP, debendo formalizarse en documento administrativo as devanditas modificacións de acordo co establecido no artigo 140 LCSP.

22) Prazo de garantía.

O prazo mínimo de garantía que debe ofertar o licitador será dous anos dende a formalización da acta de recepción. E se durante o devandito prazo se acredítase a existencia de vicios ou defectos no ben subministrado, terá dereito a Administración a reclamar do empresario a reposición dos bens inadecuados ou a reparación destes se fose suficiente.

Se a Administración estimase durante o prazo de garantía que os bens subministrados non son aptos para o fin pretendido, como consecuencia dos vicios ou defectos observados neles e imputables ao empresario, e exista o fundado temor de que a reposición ou a reparación dos devanditos bens non será bastante para lograr aquel fin, poderá antes de expirar o prazo de garantía, rexeitar os bens, deixándoos de conta do empresario e tendo dereito, se é o caso, á recuperación do prezo satisfeito.

Rematado o prazo de garantía ofertado polo adxudicatario sen que a Administración formulase ningún reparo, o empresario quedará exento de responsabilidade por razón do ben subministrado, e procederase á devolución da garantía definitiva.

23) Resolución do contrato.

Serán as previstas nos artigos 223 e concordantes TRLCSP

24) Prerrogativas da administración.

Compételle ao órgano de contratación as prerrogativas de interpretar o convindo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razón de interés público, acordar a súa resolución e determinar os efectos de ésta, todo elo nos termos establecidos na LCSP.

25) Réxime xurídico.-

O presente contrato de execución de subministración ten carácter administrativo, e ambas partes, quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos das Administracións Públicas (TRLCSP e normas complementarias) e, no seu caso, da Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución e disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas do dereito administrativo e, no seu defecto, as normas do dereito privado.

As cuestións litixiosas surxidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltas polo órgano de contratación. Os seus acordos porán fin á vía administrativa e contra eles poderá presentarse recurso contencioso-administrativo, conforme ó disposto pola Lei reguladora da dita





xurisdicción, trala interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

PRESCRIPCIONS TÉCNICAS PARA ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO FURGONETA CAIXA ABERTA BASCULANTE

1. OBXECTO

Redáctase o presente Prego, de acordo, con obxecto de establecer as condicións, características, prescricións técnicas, especificaciones e materiais, con arranxo aos cales desenvolverase a contratación da adquisición dun VEHÍCULO FURGONETA CAIXA ABERTA BASCULANTE

O referido vehículo e os seus elementos deberán cumprir todos os requisitos mínimos establecidos neste Prego, así como o establecido no Real Decreto 2822/1998 de 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos.

Esta unidade integrárase dentro do Parque Móbil do Concello de Silleda

Só cabe a posibilidade de licitar pola totalidade do obxecto do contrato.

A execución do contrato inclúe:

- *Subministración de VEHÍCULO FURGONETA CAIXA ABERTA BASCULANTE*
 - *Acondicionamento e Transformación do mesmo.*
 - *Equipamento: Subministración de materiais e elementos que debe conter o vehículo, totalmente instalados e funcionando.*
 - *Legalización e inspección técnica.*
 - *Transporte do vehículo ata o lugar designado polo Concello de Silleda para realizar as probas previas á recepción, e transporte ata o lugar de recepción.*
 - *Xestións e gastos derivados da matriculación do vehículo.*
- Todo iso de acordo coas características establecidas no presente Prego.*

2. CARACTERÍSTICAS DO VEHÍCULO FURGONETA

O vehículo tipo FURGONETA, reunirá, como mínimo, as seguintes características:

- *Desmultiplicación do eixe $i=4,727$*
- *Eixe dianteiro 1,85 t*
- *Eixe H O 3,5 t*
- *Programa electrónico de estabilidade (ESP9i)*
- *Sistema de frenos hidráulico 2 – circuitos*
- *Sistema de frenos con ABS, ASR e EBV*
- *Freno de disco en eixe dianteiro e eixe traseiro*
- *Freno de estacionamento de duo – servo traseiro*
- *Estabilizador traseiro reforzado baixo bastidor*
- *Estabilizador reforzado eixe dianteiro*



- *Barra protectora contra choques traseira CE*
- *Tren de rodaxe para aplicación B*
- *Parachoques do eixe traseiro*
- *Dirección hidráulica*
- *Listóns antirroce laterais*
- *Parachoques dianteiro con entrada integrada*
- *Axuda ao arranque*
- *Preinstalación para módulo especial parametrizable*
- *Batería 12V/ Arrancador 12 V*
- *Guantera con cerradura*
- *Repisa portaobxectos sobre o parabrisas*
- *Visera parasol para o condutor e o acompañante*
- *Parabrisas vidro composto*
- *Bloqueo electrónico de arranque*
- *Cierre centralizado con radiotelemando*
- *Cambio manual 6 velocidades ECO*
- *Sprinter standar*
- *Tacómetro en km/h*
- *Avisador de cinturón do condutor non abotonado*
- *Indicador de fallo de bombilla*
- *Caixa de enchufe para diagnóstico*
- *Indicador de velocidade de rotación electrónica*
- *Testigo de advertencia para o nivel de enchido*
- *Tableiro de instrumentos do sistema métrico*
- *Filtro combustible con separador de auga*
- *Depósito de 75 litros*
- *Filtro de partículas para motores diesel*
- *Faros antiniebla de Halóxeno*
- *Supresión luz de estacionamento*
- *Prapar. Para pilotos de delimitación lateral*
- *Luces de freno adaptativas*
- *Intermitentes*
- *Regulador altura faros*
- *Faro con técnica de cristal transparente*





- *Execución do motor Euro V*
- *Bellestas transversais dianteiras*
- *Suspensión traseira prabólica*
- *Soposte roda repuesto baixo fin bastidor*
- *Roda reposto*
- *Cubertas sin especificación do fabricante*
- *Neumáticos 195/75 R16 C*
- *Neumáticos de verán*
- *Hermetizante neumáticos con compresor eléctrico*
- *Llantas de aceiro 5,5 J x 16*
- *Embelecedor do cubo de roda*
- *Banco dos copilotos*
- *Airbag condutor*
- *Cinturón de seguridade automático de 3 puntos*
- *Tensacinturón*
- *Asiento do condutor axustable*
- *Reposacabeza para asiento do condutor*
- *Reposacabeza para asiento do copiloto*
- *Bloque de portas para compart. Nenos*
- *Elevalunas electr. Doble*
- *Placa de identificación para España*
- *Calce*
- *Gato hidráulica*
- *Ferramenta de a bordo*
- *Matriculación como camión*
- *Acondicionador de aire regulado*
- *Indicador de temperatura exterior*
- *Alternador 14 V/ 180 A*
- *Caixa basculante aluminio 3500 mm largo, laterais 500 mm, porta trasera abatible, testeiro ata altura cabina*

3. DOCUMENTACIÓN TÉCNICA QUE DEBE ACHEGAR

Deberá de achegarse á oferta, catálogos dos diversos modelos ofertados, ao obxecto de comprobar as características, equipamento e demais datos técnicos dos mesmos, e indicar a dispoñibilidade de ver, e

probar os vehículos asumindo o licitador os custos que todo iso puidese ocasionar, e sempre antes da recepción.

4. PRAZO DE ENTREGA

O prazo de entrega establécese como máximo en data 25 de setembro de 2012, ao estar supeditada esta adquisición a unha subvención de Xunta de Galicia.

No acto de recepción, o adxudicatario entregará tanta documentación técnica do vehículo e os seus elementos instalados requírase, e expresamente o Cartón de Características Técnicas selada pola ITV en praza, así como todas as reformas realizadas nos mesmos as cales sexan necesaria da correspondente homologación ou autorización da autoridade competente.

5. LUGAR DE ENTREGA

A subministración será presentado polo adxudicatario en estado de prestar servizo inmediato, no Parque Móbil do Concello de Silleda, ou noutro lugar a convir, dentro do termo municipal de Silleda.

6. PROBAS DE RECEPCIÓN

En xeral, comprobarase o bo funcionamento de todos os elementos e do vehículo, en xeral.

Transcorrido o prazo de garantía e logo dun novo recoñecemento, procederase á devolución da fianza definitiva, previa solicitude do interesado.

7. OBRIGACIÓNS DO ADXUDICATARIO

Serán a cargo do adxudicatario e consideraranse incluídos no prezo da proposta para todos os efectos a totalidade dos gastos que se produzan ou sexa necesario efectuar para pór o vehículo en condicións legais de circulación permanente.

Entre outros, consideraranse incluídos os seguintes gastos:

- Rotulación do logotipo da Concellería de Medio do Concello e do logotipo da Xunta de Galicia, de acordo coa imaxe corporativa oficial, segundo ou artigo 25 da Orde de 4 de Maio de 2012 pola que se regulan vos criterios de repartición e a convocatoria de subvencións de forma individual e mediante ou sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, do Fondo de Compensación Ambiental

- Transporte do vehículo ata o lugar designado polo Concello de Silleda para realizar as probas previas á recepción.

- Xestións e gastos derivados da matriculación do vehículo.

- Sinálase a non suxeción ao Imposto Especial de Matriculación, de acordo co artigo 65, da Lei 38/1992, de 28 de Decembro, que regula os Impostos Especiais.

8. PRAZO DE GARANTÍA

Unha vez formalizado o contrato e a partir da data da recepción oficial da subministración, dará comezo o período de garantía do vehículo-furgoneta e os seus elementos, equipos e opcións durante un período mínimo de dous anos, prazo que poderá ser ampliado se así figura na oferta como mellora. Neste período de tempo serán de conta do adxudicatario todas as reparacións, operacións de posta a punto e mantemento que sexan necesarios.

9.- CRITERIOS DE VALORACIÓN: Os recollidos no Prego de prescricións administrativas:

Serán criterios a ter en conta na adxudicación de este procedemento negociado sen publicidade os seguintes, tendo en conta que as determinacións técnicas teñen carácter de mínimos, podendo os

licitadores presentar nas ofertas as melloras que consideren oportunas para a súa valoración, mediante informe técnico que fose preciso, que en ningún caso poderán supor menoscabo das inicialmente esixidas.

4. *Características técnicas do vehículo furgoneta descrita no obxecto do contrato segundo a documentación achegada no sobre B. Ata 40 puntos.*
5. *Maior prazo de garantía no ben subministrado: ata 40 puntos. Valorándose segundo a formula seguinte:*

Puntuación = Prazo maior X Puntuación máxima /Prazo ofertado

6. *Oferta económica: ata 20 puntos do seguinte modo: Valorándose segundo a formula seguinte:*

Puntuación = Prezo menor X Puntuación máxima /Prezo ofertado

10. ORZAMENTO

34.066,52 € mais 6.131,97 € de IVE (18%) = 40.198,49 €

En Silleda, a 31 de Xullo de 2012.

A ALCALDESA

Asdo. Paula Fernández Pena

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e condicións técnicas para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, da subministración de un vehículo furgoneta con caixa aberta basculante.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta levántase a sesión as doce horas cincuenta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretario accidental, dou fe.

A Alcaldesa,



O Secretario en funcións,



